

RENACEMENTO - CINQUECENTO

EDIFICIO: SAN PIETRO IN MONTORIO

AUTOR: DONATO **BRAMANTE** (1444-1514)

CRONOLOXÍA: 1502

ESTILO: Renacemento (Cinquecento)

TIPOLOXÍA: Martyrium

LOCALIZACIÓN: Roma

MATERIAIS: Mármore, granito, pedra

COMITENTES: Reis Católicos



DESCRICIÓN FORMAL

O templo de San Pietro in Montorio é unha das obras máis representativas de Bramante, construída en 1502 por encargo dos Reis Católicos como agradecemento pola conquista de Granada, para conmemorar o lugar onde a tradición sitúa o martirio de San Pedro en Roma.

Bramante opta por un templo de pequenas dimensións e austero na decoración, con forma circular inspirada no *tholos* grego, con pureza de liñas e de gran harmonía compositiva. Elévase sobre unha cripta circular subterránea que protexe a rocha onde se cre que foi crucificado San Pedro, primeiro Papa da Igrexa. O templo pódese dividir en dous niveis pola balaustrada: na parte superior o tambor e a cúpula, e na inferior o cilindro de reminiscencias clásicas.

1. No primeiro corpo as columnas e o cilindro. Componse dunha escalinata de tres chanzos que levan ao interior. Enriba desta escalinata hai unha rotonda con 16 columnas de orde toscana sobre un podio, que as eleva incrementando o seu tamaño, unha basa, un fuste liso e un capital clásico feito de mármore. No interior desta rotonda atopamos un muro circular que se organiza en torno a catro portas e que presenta contrastes de clarosculos. Entre cada dúas portas hai un van central e dous nichos que se atopan separados por pilastras. Na parte superior dos capiteis das columnas temos un friso, que está decorado como un friso clásico, composto por triglifos e metopas. Nas metopas están representados os atributos de San Pedro e da liturxia en baixorrelievo.
2. O segundo corpo está formado polo tambor e a cúpula. Ata aquí todos os elementos pertencen á arquitectura dos modelos clásicos de Grecia e Roma, pero este esquema rómpese na parte superior do friso xa que podemos ver un pórtico no que se alza unha diminuta balaustrada que rodea todo o corpo superior creando unha situación de lixeireza que contrasta coa pesadez coas columnas da parte inferior. No interior da balaustrada atopamos outro muro circular, que fai de tambor, unido mediante unha alternancia de vans con alintelados simples e que se atopan coroados por formas semicirculares e por cunchas veneras. O corpo superior remata cunha cúpula de media esfera que reparte o seu peso

enriba do tambor. Esta cúpula remata dunha forma case apuntada que dá lugar a unha lanterna de eixe axial, coa cal se ilumina todo o interior, coroada por unha esfera que suxeita unha cruz. Este símbolo representaría a grandeza de Deus. A cúpula é de pequeno tamaño (4,5 m de diámetro) pero dá a sensación de ser máis grande.

No interior, o templete presenta unha pequena cella (4,5 m de diámetro) onde só entraba o oficiante e os acólitos, quedando o público no exterior.

Segundo un debuxo orixinal que se conserva, estaba previsto un claustro circular que marcaría o efecto de perspectiva, que rodearía toda a estrutura e estaría suxeitado por columnas de orde toscana, pero non se chegou a construír pola morte de Bramante.

Pódense observar aspectos relacionados coa harmonía e a proporción:

- A balaustrada serve para alixeirar a forma maciza do entaboamento, cun ritmo de cinco balaustres entre columnas.
- A relación harmónica dos vans do tambor: xanelas-fornelas ou nichos alintelados ou en forma de venera, con inclinación da parte superior cara adentro (remite cara ao punto central do edificio, cara adentro).
- A luz é outro elemento de harmonía; o claroscuro do piso inferior contrarrestase coa claridade do corpo superior.
- O efecto de perspectiva mediante a confluencia dos nervos.

FUNCIÓN E SIGNIFICADO

Con este templo plásmase en pleno Renacemento a tradición arquitectónica dos templos de Vesta romanos, o *martyrium* oriental, como a cúpula da Rocha (Xerusalén), de tradición islámica ou Santa Constanza (Roma), de tradición bizantina. Con esta forma trátase de conmemorar o lugar do martirio do primeiro Papa da Igrexa. Durante o Renacemento, os artistas e, en especial, os arquitectos recuperaron gran parte da linguaxe arquitectónica da Antigüidade, grega e sobre todo romana, e adaptalo aos novos ideais baseados no humanismo, o neoplatonismo e o antropocentrismo. Na proposta advértense todos estes intentos de recuperación a través da utilización da orde toscana, desaparecida durante a Idade Media, ou o uso da cúpula. Porén, Bramante dá un paso máis aló ao utilizar a planta centralizada, como medio para expresar a perfección do universo, a idea da orde e a medida clásica, e a idea do círculo, como forma perfecta que viña desenvolvéndose en toda a filosofía neoplatónica de Marsilio Ficino e Pico della Mirándola.

Nos inicios do S.XVI comeza unha nova etapa, o Cinquecento, protagonizada polo mecenazgo dos Papas, caracterizada polo pleno clasicismo. A este época corresponde o papado de Xulio II e León X, que desenvolven proxectos para embelecer Roma e elevala á categoría da Antigüidade.

San Pietro in Montorio é un exemplo de pleno clasicismo: orde toscana, friso con triglifos e metopas, busca da proporción e equilibrio (cada parte relaciónase co todo), pero tamén está o simbolismo neoplatónico: a cúpula e a lanterna é o tránsito cara ao perfecto, Deus, cuxa perfección dominando o mundo asociábase coa esfera.

MODELOS E INFLUENCIAS

A pesares das pequenas dimensións do edificio, a súa influencia foi enorme, porque constitúe o xérmolo do que será o maior proxecto de Bramante, a basílica de San Pedro encargada polo Papa Xulio II, que inicialmente será tamén de planta centralizada e cunha enorme cúpula. Miguel Anxo voltará décadas despois sobre o deseño orixinal de Bramante. En conclusión, esta obra é a perfección, a meta perseguida no Quattrocento. Convértese nun modelo universal, e as súas proporcións e sinxeleza convérteno nun símbolo clásico.